

Encrucillada

A Comunidade. Que Comunidade?

por Rubén Aramburu Molet

Don Helder. Tal como aprendín a admiralo

por Zildo Rocha

A palabra erótica: sobre a posibilidade da unión con Deus

por Almudena Otero Villar

Serra Leoa, diamantes, menores soldado e futbol

por Chema Caballero

Nós, as mulleres na Igrexa

por Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria

**Contra a pobreza e o paro:
Compromiso e solidariedade**

por Coordinadora de Crentes Galegos-Galegas

Crónica política

por Xosé Luis Barreiro Rivas

Rolda da cultura

por Xoán Bernardez Vilar

Rolda de Igrexa

por Rubén Aramburu Molet





Mato sono io ... (Eu son o tolo)

100 Amigos falan de Xesús Mato Mato

AA.VV., Coordina Xulio Xiz, Ed. Fundación Manuel María da Terra Chá,
Lugo 2009.

MARMANCÓN-FERROL, 29-06-2010. ERA DÍA DE SAN PEDRO.

Teño un libro do 1910: *Lo que puede un cura hoy. O respuesta a esta pregunta: ¿A qué trabajar tanto si se consigue tan poco?* Leva unha nota despois do título: “Colección de recetas contra el desaliento y el pesimismo de los que trabajan por la salvación de las almas.” O autor: Arcipreste de Huelva, aquel home santo, D. Manuel González.

Este libro eu herdeino doutro santo, o meu párroco, Don Xesús Veres Díaz, Cura de Roca, cando eu fun neno e rapaz. O libro é bo. E as persoas que hai detrás, excelentes. Gardo coma un tesouro o libro e moito máis a memoria das persoas que me axudaron. Grazas.

E seguindo a saga das persoas que axudan xa enlazo con Xesús Mato. Di Mero, o músico da Quenlla e de Fuxan os Ventos doutrora, no prólogo do libro: “Mato en italiano quere dicir: tolo. Pero para nós quere dicir que Mato é único, é un ser que só pode ser así, como é. Ese que nós coñecemos, tan desprendido que quere pasar desapercibido, sempre está nalgún lugar, para dar un alento, para botar unha man, para incitar á actividade, á ilusión. Mato é único polo seu porte xeneroso e tamén porque sabe que todo é posible se realmente se quere. Sabe que outra Galiza é posible e necesaria, que os máis débiles son os que máis necesitan e que todo debe chegar para todos, anque non deixamos que chegue.”

Case podía deixar aquí a recensión. Fica claro que Mato

forma parte deses homes-curas, curas-homes que vale a pena coñecelos, gozar da súa amizade persoal e da súa acción pastoral inmensamente rica e polifacética, que traballan arreo “contra el desaliento y el pesimismo por la salvación de las almas”, como se le no libro antigo citado. Non fagades cuestión da palabra ‘almas’. Era linguaxe do 1910. Mais Mato é de Xoán XXIII e do Concilio Vaticano II e unha cousa é verdade: Traballa con ‘alma’, vida e corazón en todo canto emprende. E diso hai testemuñas: “*100 amigos falan de Xesús Mato Mato*”.

Por máis que sexa repetitivo, quero remarcar, adrede, que actualmente temos a sorte na Galiza de ver aparecer libros sobre experiencias de persoas exemplares que fixeron historia e son modelos a imitar. De leigos e de cregos.

Son testemuños directos de homes e mulleres con credos e pensares moi diversos que compartiron alma, vida e corazón e, por tanto, son verídicos porque son homes e mulleres veraces e sinceros. É dicir: Son

de fiar, porque falan do que lles aconteceu e chegou á alma. Hai que lellos. Son vida e non vale resumilos. Quitariámoslles a verdadeira esencia do existencial.

Xesús Mato, déixase levar do Espírito, vai progresando persoal e comunitariamente coa circunstancia, sen perder nunca o norte nin a profundidade da misión. A circunstancia, nunca se leva preparada. Coma co ferido do samaritano, sorpréndete no camiño. O que si está preparada é a sensibilidade do que non sabe pasar sen deterse. E Mato, como se repite reiterativamente nos 100 testemuños, vive atento á realidade máis real e acolle ás persoas en concreto. Abaixase, enzoufa as mans no sangue do ferido, limpa, cura, alivia, carga nos seus ombreiros e encima paga. E logo, a seguir, sen pedir nada a cambio, que a tarefa é moita e non hai tempo para estar agardando inactivos por parabéns.

Xesús Mato, coma Xesús, o carpinteiro, busca sempre vivir no hoxe de cada persoa e das súas contornas, dos discapaci-

tados, no hoxe da Galiza rural, emigrante, obreira, vilega, urbanita, litúrxica, festeira. No hoxe da dor e do sufrimento, feitos carne na súa propia historia persoal e no vivir solidario coas comunidades, no acompañamento próximo e cotián do enfermo, das familias, da freguesía, dos cuidadores. Nada humano lle é alleo. Pero é que, ademais, Mato sabe pórllle música e canto á vida e logo, na radio ou nos xornais, pon as mensaxes multiplicadoras de esperanza e alento que chegará a cantos nin se sabe. Mato sabe crear festa.

Velaquí un excelente tratado de Teoloxía Pastoral, máis un outro, encarnado na Galiza: 76 anos de idade, 51 de sacerdote, 26 de crego no Cebreiro, Courel e Os Ancares, etc. Coa fondura da mellor teoloxía e coa mellor práctica pastoral que se pode dar no hic et nunc de cada intre do acontecer de Deus nesta terra nosa. Falan os receptores. E falan os feitos. As obras, como Auxilia ou o labor de recollida e investigación de todos nós.

Por todos eles vemos como lles chegou de fonda, pura e vizosa a mensaxe humano-evanxélica. Aquí non hai trampas nin auto bombo. Falan del. Non é el o que relata. O relato, a súa palabra, foi precedente, tal como foi acontecendo nese 'hoxe de Deus', que el soubo captar coma 'un sinal dos tempos'.

Vaia isto só para facer boca. Se de verdade estás intresado/a en achegarte a un mestre de vida, procura ler o libro. Ende non, anótao. Algún día farache ben ir a el para traballar a propia vida, a dos que contigo camiñan e, por suposto, para todo canto faga referencia á Galiza e á nova humanidade. Son 238 páxinas que se poden ir lendo relato a relato. Incluso, mellor así, para percibir pausadamente na súa verdadeira dimensión o saibo do sal da terra de cada experiencia e a luz no mundo da camiñada, no iter de cada persoa.

E estes son só cen testemuños. Como di Xn 21, 25: Estes mesmos discípulos son os que dan testemuño destas cousas e sabemos que o seu testemuño

é verdadeiro. Mais “Xesús fixo tamén moitas outras cousas. Se se relataran detalladamente, penso que non bastaría todo o mundo para conter os libros que se escribirían.” Con Xesús Mato, pasa algo parecido.

Podemos cantar seguindo a batuta do mestre: Graciñas á vida que me foi dando tanto. Si. Graciñas, Xesús, que nos segues a dar tanto!

Xaquín Campo Freire